

**CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA. MENDE**

**Programación da materia de CULTURA CLASICA**

**Impartida polo Departamento de EPVA**

**CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**Curso 3º ESO**

**Curso 2019-20**

**d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable**

Grao mínimo de consecución dos estándares para superar a materia.

1º trimestre

Tema 1

*As linguas e a súa orixe clásica*

-Do latín ao castelán e ao galego

-O grego no castelán e no galego

Tema2

*A relixión grecorromana*

-A relixión clásica

Tema 3

*A infancia no mundo clásico*

-Aceptación dos fillos

-Imposición do nome aos recién nados

-A educación

#### Tema 4

##### *O mundo feminino*

- As leis romanas sobre o matrimonio
- A xornada da muller casada

#### 2º trimestre

#### Tema 5

##### *O mundo masculino*

- A xornada do cidadán grego
- A xornada do cidadán romano

#### Tema 6

##### *Política e cidadanía*

- A polis grega
- Evolución política do mundo grego
- O *cursus honorum*

#### Tema 7

##### *O exército e a guerra*

- As guerras da época clásica grega
- O exército e a evolución histórica de Roma

#### 3º Trimestre

#### Tema 8

##### *A arte clásica*

- A arquitectura grega clásica

- A escultura grega
- A arquitectura romana
- Pintura e mosaico

## Tema 9

### *Cidades antigas e modernas*

- A cidade grega
- A cidade romana

## Tema 10

### *Xogos e espectáculos*

- O edificio do teatro
- As representacións
- O circo
- O anfiteatro
- Os espectadores

### 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Participación na elaboración de apuntamentos
- Exercicios en clase rutinarios
- Exames prácticos
- Exames teóricos
- Exercicios en clase excepcionais

### **g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

A avaliación do alumnado, farase sobre a base do resultado nun único exame por trimestre no que deberá acadar unha cualificación de 5 ou superior para superar a materia. Dado que a dinámica principal da aula se basa na participación para elaborar uns apuntamentos cos que estudar, e na investigación de aspectos concretos de cada tema estudado, a implicación de cada alumno/a neste proceder será tido en conta para favorecer o aprobado no caso de non chegar a cualificación do exame ao 5.

A avaliación será contínua, polo que a superación da segunda avaliación equivalerá á superación da primeira e a superación da terceira equivalerá á superación de todo o curso. Ao final do curso haberá un exame de recuperación para aqueles alumnos que non superaran a materia por este procedemento.

A cualificación das probas terá como referencia os apuntamentos, extraídos do material didáctico aportado polo profesor, entre alumnos e profesor ao longo das sesións de clase, as respostas ás preguntas nos exames deberán estar en concordancia con ditos apuntamentos.

Serán de referencia:

*1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.*

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para extraer a información relevante sobre aspectos históricos e/ou culturais, previamente traballados, en textos variados.

*2. Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das culturas grega e romana e os seus feitos máis relevantes, os elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas.*

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade de identificar en textos e situar no espazo e no tempo, feitos relevantes da historia das culturas clásicas, previamente traballados.

*3. Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e de Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe.*

Preténdese comprobar se o alumnado é quen de comprender a organización sociopolítica de Grecia e de Roma, así como establecer comparacións coa existente na actualidade.

*4. Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Gallaecia e Hispania.*

Preténdese comprobar a capacidade para localizar en mapas o espazo das civilizacións antigas, así como recoñecer e situar os restos máis relevantes na Galicia e na España actual.

*5. Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso, científicas de todos os tempos, a mitoloxía clásica como fonte de inspiración.*

Preténdese comprobar se as alumnas e os alumnos, despois de traballar na clase os mitos máis salientables, son quen de identificalos en manifestacións literarias e doutro tipo, adecuadas á súa idade.

*6. Identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais. Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas.*

Búscase comprobar se o alumnado, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas, é quen de recoñecer elementos comúns a todas elas no vocabulario.

*7. Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario.*

Preténdese comprobar se o alumnado coñece os elementos básicos dos xéneros literarios clásicos, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas.

*8. Identificar aspectos significativos da achega da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, da ciencia e da técnica.*

Preténdese comprobar se o alumnado é capaz de relacionar as achegas do mundo clásico nos eidos do pensamento, ciencia e técnica, ao mundo actuais.

*9. Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes.*

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado, coa axuda do profesorado, é quen de analizar a permanencia do legado clásico na actualidade, así como a evolución co paso do tempo.

*10. Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda do profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.*

Preténdese comprobar a capacidade do alumnado para elaborar un pequeno traballo sobre algún dos aspectos do legado do mundo clásico e a capacidade de exposición posterior na aula. Valorarase o grao de planificación e a selección da información, que se debe facer acudindo a fontes variadas, así como a presentación clara e ordenada e a utilización dos medios informáticos.

**i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

O alumnado de 4º ESO coa materia suspendida será informado con antelación suficiente dos contidos sobre os que versará o exame correspondente no que poder aprobar a materia, e que serán os mesmos que se estén impartindo no curso ordinario.